

CARLOS MARX: REBELDE AOS SEUS 200 ANOS

Carlos Marx cumpre 200 anos o 5 de maio do 2018. E digo cumpre porque segue vivo aínda que el mesmo soltase unha sonora gargallada si alguén lle predixera que dous séculos despois sería un home polémico.

Amado e odiado no planeta terra, foi segundo unha enquisa (coa marxe de erro que ten calquera) o home máis publicado no milenio e por iso é polo que se lle concede o primeiro lugar entre os " homo sapiens".

A súa obra cume *O Capital* é un dos libros máis publicados da historia humana, malia que non creo sexa entendido por todos os que lean esa monumental obra, hoxe usada como bibliografía o mesmo en Harvard, que nunha pequena escola da Patagonia.

Terxiversado, levado a dogma, no propio século XIX dicía "Todo o que sei é que eu non son marxista". O corpo teórico desta filosofía estivo en crise desde o seu nacemento, pero nunca foi quebrantado, aínda que a súa revisión cara á esquerda ou a dereita levou a que unha boa parte dos terrícolas explorados, marxidados e ata escravizados aínda hoxe, non entendan que esa teoría sustenta a liberación de todos a partir de que se elimine a plusvalía.

Neste lapso do onomástico 200 de Carlos, arríscome a realizar algunhas consideracións:

O marxismo non serve:

—como simple receitario no que se diga: cuns quilos de proletarios, outros de materialismo dialéctico e un grupo de seguidores "ilustrados pódese destruír o capitalismo.

—para explicar dun plumazo o que significa a enaxenación porque para chegar a ese difícil concepto, primeiro habería que amasar desde os Manuscritos económicos e filosóficos de 1848, até o que hai del (o resto é de Engels) no terceiro tomo do capital onde a famosa mercancía circula.

—non se pode usar como decálogo para construír o comunismo (el non falou de socialismo, na súa época tiña moi pouco prestixio)

—os manuais sobre a súa obra demostraron ser pura bazofia: ao Mouro hai que entrarlle de fronte, léndoo na súa esencia, repetindo a lectura sobre parágrafos ou páxinas que unha non entende.

—tampouco se insire en simples lecturas que non coñezan o seu mundo: Inglaterra onde desenvolveu a súa obra, incluído O Capital, a Alemaña de Bismarck, a Francia de revolucións, a Comuna de París entre elas; a guerra de Secesión nos nacentes Estados Unidos de América e a incipiente sinal neocolonial dalgunhas partes. En 1852, en ocasión de que o amigo tivese un fillo, escribiulle a Weidemeyer “¡Magnífico momento para vir ao mundo! Cando poida irse en sete días de Londres a Calcuta, ti e eu estaremos xa decapitados ou dando ortigas. ¡E Australia, e California e o Océano Pacífico! Os novos cidadáns non acertarán a comprender can pequeno era o noso mundo.” Nin o seu cerebro privilexiado puido imaxinar que un século despois en avión chegábase en horas a calquera lugar, e que pasado outro pouco tempo cun clic poderíase acceder a unha boa parte da súa obra en diferentes idiomas. A Inglaterra de Carliños defínese nestas liñas: “Inglaterra era a dona absoluta dos mares; a súa terra producía a maior cantidade de ferro e máis carbón que no resto dos países; na súa capital editábanse seis matutinos, tres vespertinos e vinte semanarios; os telégrafos traían as noticias de todo o mundo; a locomotora xa non era un obxecto estraño; a fins do século XIX, Londres tiña 19 estacións de ferrocarrís; as familias dedicadas ao comercio ocupaban casas de 20 e 30 habitacións; respirábase tal seguridade no futuro que a sala de concertos “ Albert Hall” publicou un anuncio no que admitía subscricións por 99 anos. Esa era a cara para os turistas. O proletariado vivía amontoado nos suburbios, as prostitutas e esmoleiros deambulaban polas rúas non escolleitas pola alta burguesía; a contradición social máis palpable: a maior riqueza e a maior pobreza da terra. Os inspectores das fábricas escribían os libros azuis que ninguén “menos un alemán” lía. Neles, sen sabelo, os dilixentes funcionarios reflectían a situación social e laboral da clase obreira. Como papel vello vendíano aos libeiros, logo de darlles o uso previsto polos amos. Nos quioscos,

manexados xeralmente por anciáns, compráboas Carlos Marx. Á casualidade e causalidade débelle Marx recalar, definitivamente, no lugar que máis condicións ofrecía para desenvolver a súa obra cume. Nunca recoñeceu a Inglaterra como a súa segunda patria, considerábase alemán e cidadán do mundo, máis, nesa Illa pasou a metade da súa vida; nela amou, sufriu e alcanzou os seus maiores logros científicos.”

—non é válido para quen non ten polo menos unha aproximación de Shakespeare, Heine, Bethoven e por suposto, de Kant, Hegel, Feuerbach, e outros pensadores que nutriron o pensamento económico do xudeu.

—non vale para dicir que é un “santo, santo, santo” como reza Nicolás Guillén no seu poema *Non vou dicir que son un home puro*. El foi “o suficientemente impuro, para saber que cousa é a pureza.” Tampouco foi un díaño, díaño, díaño, foi un home xenial, extraordinario, transcendente, pero un home.

Marx serve para:

—entender o capitalismo: fixo o seu máis completo desmontaxe, unha análise non superada ata hoxe. É tan bo o seu estudo, centrado especialmente no capital, pero non só aí, que hoxe segue sendo texto obrigado en Harvard, Oxford e case todas as universidades do mundo. Non se poden entender os procesos sociais do século XXI sen os instrumentos que facilitou Marx no XIX.

—descubrir que é a plusvalía, foi un de aportes máis importantes nas ciencias económicas e sociais en xeral: sen comprender ese feito non se pode explicar o tránsito da comunidade primitiva ata o capitalismo de estado. E arríscome a dicir que dalgún xeito explica a explotación do Sur polo Norte.

—é quen puxo ao materialismo ao dereito, ata el estivo ao revés: o idealismo, especialmente Hegel, aportaba a dialéctica e o materialismo, Feuerbach por exemplo, contribuía co seu materialismo, pero uns negaban aos outros coma se fosen excluíntes. Marx e Engels nun brillante movemento cognitivo puxeron a filosofía de pé.

—si o descubrimento da plusvalía foi esencial, facer entender o que significaba a circulación mercantil (esbozado por Marx, desenvolvido por Engels) no terceiro tomo do capital, foi

un aporte medular para descubrir o mecanismo de enriquecemento/empobrecemento, e xa que logo das clases sociais.

—ao desmontar a esencia do sistema capitalista Marx, de feito, deixou claro o que NON se pode facer no socialismo.

—para o xudeu existiron dous estadios de lectores: os científicos, e intelectuais aos que debía convencer, por iso a súa erudición no capital, e a gran maioría proletaria para quen escribiu o Manifesto do Partido Comunista, nunha linguaxe directa e propagandística. Un texto e outro terían aos homes e mulleres máis cultos como correa de transmisión das categorías máis importantes.

—foi un defensor dunha prensa clara, eficaz e directa. Na súa Contribución á crítica da filosofía do dereito de Hegel, definiu “A arma da crítica non pode, evidentemente, reemprazar a crítica polas armas, a forza material debe ser subvertida pola forza material; pero a teoría tamén devén forza material en canto penetra nas masas. A teoría é capaz de penetrar as masas cando ela fai demostracións “ad hominem” e fai demostracións “ad hominem” cando devén radical. Ser radical é tomar as cousas pola raíz. E a raíz, para o home, é o home mesmo.” “Ad hominem” en latín, como afacía usar Marx, significa cara aos sentimentos humanos, entón, xenial, ao fin, Carliños defendía que a crítica tocase o corazón das persoas (entendido este órgano como receptáculo de sentimentos) e non só o cerebro. Cando dirixía A gaceta do Rin Carlos comentáballe a Ruge: “Detrás de todo isto hai unha aterradora dose de vaidade, incapaz de comprender que, para salvar un órgano político, pódense sacrificar, sen gran perda a uns cantos baladróns berlineses que non pensan máis que nos seus chismes persoais. Xa pode vostede imaxinarse o irritado que estarei e os termos, bastante duros en que contestaría a Meyen, sabendo como estamos aquí, tendo que soportar desde pola mañá ata pola noite os tormentos máis terribles da censura, avisos ministeriais, queixas de autoridades, protestas da Dieta, os queixumes dos accionistas, etcétera, etcétera, e que si sigo neste posto é porque considero un deber estorbar a realización das intencións do Poder, na parte que a min me toca.” Meyen pertencía aos mozos hegelianos que estaban en contradición con Marx. E cando o botaron

da gaceta do Rin escribiu tamén a Ruge: Durante este período de agonía, en capela xa, temos dobre censura. O noso censor, un home honorable, está baixo a censura de Von Gerlach, presidente do goberno do Rin, un necio sen máis virtude que a obediencia pasiva; unha vez composto o xornal, hai que presentarllo ao esbirro para que o cheire, e si ventea nel algo que non pareza cristián ou prusiano, o xornal non sae á rúa.”

—si por dedicar os seus estudos aos problemas das grandes maiorías, deixando os asuntos individuais noutro plano (para non poucos estudosos tal feito é causa esencial do auxe do existencialismo a principios do século XX), Marx tivo ao home tamén no centro das súas reflexións. Cando tiña entre 24 e 25 anos nos seus Manuscritos Económicos e Filosóficos de 1844, esbozou este interesante criterio: “Supoñamos que o home sexa home e que a súa relación co mundo é humana: entón só podes cambiar amor por amor, confianza por confianza, etcétera. Si queres gozar da arte, debes ser unha persoa artisticamente cultivada; si queres exercer influencia sobre os demais, debes ser unha persoa que produza efectos estimulantes e incitantes na xente. Cada unha das súas relacións co home e coa natureza debe ser unha expresión específica, que corresponda ao obxecto da túa vontade, da túa verdadeira vida individual. Si amas sen que o teu amor sexa correspondido, é dicir, si o teu amor en canto a tal non produce o amor recíproco; si a través dunha expresión viva de ti mesmo en canto a amante, non che fas unha persoa amada, entón o teu amor é impotente: é unha desgraza.”

Dese home e a súa contorna, como un acto confeso de amor, trata o libro que o lector ten nas súas mans: Carlos Marx: Rebelde aos seus 200 anos, que foi publicado por Edicions Laiovento en 1996, baixo o título de *Mouro, o eterno rebelde*.

Permítome unha viaxe no tempo: coa caída de Napoleón en 1814 as forzas conservadoras feudais pensaban que o réxime burgués fenecera. Nada máis afastado á realidade, a súa semente estaba viva e logo da restauración monárquica de Luís XVIII, a quen lle seguiu Carlos X, para terminar en Luís Felipe en 1848, houbo un estoupido revolucionario que depuxo ao Rei ata hoxe. A burguesía gañaba porque era mellor que o feu-

dalismo e chegoulle a súa quenda. Foron só 34 anos, unha vida para un ser humano, un escintileo apenas perceptible na historia humana. Ese lapso foi un retroceso, pero na volta en espiral a partir do 48 o capitalismo (que xa existía) afianzouse non só en Francia, senón en toda Europa e máis aló do Atlántico. Poño este exemplo porque non sei si o que virá despois do capitalismo será comunismo ou socialismo, o nome non me importa. O que sei que o capitalismo non pode ser o fin da sociedade humana, con toda a súa carga de odio, quizais sexa o final por unha explosión nuclear de dimensións colosais, pero de non ser así a esquerda volverá ter a forza que necesita para devir rabo de nube que borre un sistema opresor “per se”, como todos os que lle precederon.

Paquita Armas Fonseca, A Habana
25 de decembro de 2017